

Exercicio 5.

Texto sobre o reformismo borbónico en Galicia.

SOCIEDADES NO TEMPO: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FONTES DE INFORMACIÓN.

Tras quedar durmido despois de ignorar varias alarmas do móbil, vostede sae apresuradamente da casa en dirección ao IES Mendiño, para así poder asistir a unha fascinante clase de Historia. Sen embargo, froito das presas, tropeza nunha beirarrúa con baldosas soltas, e acaba aterrando cos dentes sobre un coche aparcado xusto ao lado. Comeza a maldecir con palabras non reproducibles nun documento oficial ao Concello, aos concelleiros e a varios dos seus familiares, desexando que coidasen máis as vías públicas e, de paso, que planificaran o urbanismo dun xeito máis racional. Cando á tarde volta a casa, decide buscar información acerca de cidades ben planificadas en Galicia, e atopa unha referencia a Ferrol nunha conta de Instagram. Sen embargo, hai algunhas afirmacións que non lle acaban de parecer de todo fiables nese post, polo que decide investigar e atopar os posibles erros, para así poder defender mellor a postura que vostede ten acerca da planificación urbana.

TEXTO PARA REVISAR:

“Pola súa situación estratéxica, Ferrol convertiuse para os Borbóns no lugar ideal para rexeitar flotas estranxeiras (especialmente inglesas) que durante o século XVIII se dirixían a saquear aos barcos españois cargados de mercadorías americanas. Debido a isto, Xosé Patiño, ministro de Felipe V, decidiu reestruturar as defensas do país, quedando Ferrol como cabeza do Departamento Marítimo do Mediterráneo, e novo porto de partida e chegada da Flota de Indias, ao ser considerado o máis seguro da Península, sobre todo tras a construción do arsenal e os estaleiros.

A masiva chegada de persoas a Ferrol obrigou a deseñar novos barrios: o do Esteiro, para os traballadores e mariñeiros de baixa gradación, e o da Magdalena, para os oficiais da Real Armada. Este último foi erixido segundo os ideais da Ilustración, cun plano irregular que dificultaría moito a eventual conquista da cidade por parte dalgunha potencia estranxeira, e que facilitaría a creación de correntes de aire menos violentas dentro das murallas”.

RESPONDA ESTES TRES APARTADOS:

1. Identifique as informacións erróneas.
2. Explique os erros detectados.
3. Proceda á súa redacción correcta.